

FICHA DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO

Ao oír a Alarma Acústica de Urgencia (3 tons consecutivos do timbre de cambio de clase ou sirena de incendios):

- Cada profesor evacuará unicamente a aula que lle é asignada na súa quenda de clase, cara ao PUNTO DE ENCONTRO.
- Antes de iniciar a evacuación, peche posibles traballos que estea realizando e que poidan ser orixe doutra urxencia.
- Se hai alumnado con mobilidade reducida, deberase asignar un ou dous compañeiros de apoio para que o axuden. En caso de non poder evacuar a devandito alumno (cadeiras de rodas ou alumnado con deficiencias grandes mentais ou físicas), cederá o seu alumnado ao profesor da aula contigua (ou máis próxima) e se confinará na súa clase co alumnado con mobilidade reducida (ver nota).
- A frase a expresar deberá ser curta e concreta: *“Existe unha Urgencia Xeral e debemos desaloxar agorao centro; seguiremos un orde ata chegar ao punto exterior de encontro onde se dará máis información”*.
- Para a evacuación de clase o alumnado colocaranse en fila, que será encabezada polo profesor ou profesora e finalizada polo delegado ou delegada (de forma que quede controlada toda a clase). O profesor ou profesora contará o alumnado que ten.
- O profesor ou profesora, ao ser a derradeira persoa en saír de clase, comprobará que non queda ninguén dentro (ollo con servizos, aseos, vestiarios, ..., por exemplo no ximnasio) e confirmará que se pechan portas, fiestras (se é posible) e corte de fornecemento eléctrico (en cadro se existe, ou senón corte do interruptor de alumeado) da aula e marcará a clase que foi evacuada e revisada (p.e. cun papel na zona de pechadura da porta ou cunha cadeira na porta).
- As prioridades de evacuación entre as aulas serán as seguintes:
 - En cada planta terá prioridade de saída a aula que estea máis próxima á saída exterior.
 - Entre plantas terán prioridade as plantas máis baixas con respecto ás máis altas.
- Durante a evacuación, os diferentes grupos irán en fila, pegados á parede e en zonas de escaleiras colocáense tamén pegados á parede (ao lado oposto do oco de escaleira, que será o acceso aos servizos de urxencia).
- A evacuación dirixirase cara ás vías de evacuación máis próximas e seguras (siga criterios de sinalización de evacuación).
- Siga as pautas correctas dunha boa evacuación.

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- Manteña a orde ao saír, non corra, non grite e fale o menos posible.
- Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas as súas facultades físicas (é conveniente asignar algún alumnado que en caso de urxencia puidese axudarlle).

- Evite a curiosidade e, se a súa presenza non é necesaria, non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.
- Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación.
- Non atrasarse a recoller obxectos persoais.
- Non utilizar os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación. Realizar a evacuación a ras de chan en caso de presenza de fumes.
- Se quedase bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra as fiestras e axite os brazos pedindo axuda.
- DIRIXIRSE AO LUGAR DE REUNIÓN FIXADO E PERMANECER NEL ATA RECIBIR INSTRUCCIÓNS.

NO PUNTO DE ENCONTRO:

- Seguirá mantendo a fila en orde.
- Verificará contando que ten todo o alumnado que había na aula.
- Buscará un membro do equipo de identificación e control (secretaria ou xefa de estudos) que estará con chaleco, e transmitiralle de que clase é e se está todo o alumnado, así como outros datos de interese que vexa convenientes.
- Manterá ao alumnado controlado ata que o director transmita o fin da urxencia.

Nota: No caso de ter alumnos na aula con dificultades de mobilidade física ou psíquica que impidan a súa evacuación deberá:

- Ceder os seus alumnos a outro profesor ou profesora dunha aula contigua (indicándolle o número de alumnos que lle cede e pedíndolle que comunique no punto de control que quedouse cun alumno de mobilidade reducida na aula (x) da planta (y)).
- Establecerá un confinamento na súa aula; para iso:
- Pechará as portas da súa dependencia, incluso mellor selando as rañuras das portas con toallas, roupa, e se pode ser empapadas de auga mellor.
- Abrirá as fiestras da súa dependencia.
- Farase ver pola fiestra e permanecerá preto dela.
- Terá activo o móbil e esperará instrucións que lle transmita o director ou os servizos de urxencia exterior.
- No caso de que ao querer evacuar a súa aula vira que lle é complicado porque o corredor está totalmente inundado de fume, siga os mesmos criterios do confinamento.